



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. José Antonio Rodríguez Vázquez
D. José Pose Blanco
D. José Angel Vázquez Barquero
D. José Tojo Suárez
D. Manuel González Piñeiro
D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal
D. Xulio Pardellas de Blas
D. Andrés Ramón Trillo García
D. Xosé Luís Legido Soto
Dª Mª Teresa Allut Roig
D. Alberto Alonso Costas
Dª Mª Luisa Alonso Escontrela
D. Enrique Barreiro Alonso
Dª Carmen Becerra Suárez
D. José Luis Capelo Martínez
D. Xosé Manuel Cid Fernández
D. Alfonso Cid Sabucedo
D. Antón Fernández Alvarez
D. Manuel Fernández Areal
Dª Esperanza Fernández Gómez
D. Joel Fernández Soto
D. José Mª Gil Villanueva
D. José Antonio Gómez Barbeito
D. Alejandro V. Gómez Soler
D. Roberto González Vázquez
Dª Mª do Carmo Henriques Salido
D. Juan Janeiro Vilaboa
D. Manuel López Iglesias
Dª Mª del Pilar López Vidal
D. José Mira Penedo
Dª Camino Noia Campos
D. Guillermo de Oca Cancela
D. Angel Pereira Díaz
D. Cándido Pérez Betanzos
D. Manuel Pérez Donsión
D. Mariano P-Mtnez. y P-Amor
D. Manuel Joaquín Reigosa Roger
D. Celso Rodríguez Fernández
D. Eduardo Rubiales Camino
D. José A. Sampayo Fernández
D. José Manuel Santos Suárez
Dª Mª Teresa Viñas Gil

ESCUSA A SÚA ASISTENCIA

D. José Mª Correa Otero

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, celebrada o un de decembro de mil novecentos noventa e sete, ás 9.30 horas en primeira convocatoria e ás 10.00 en segunda, no Paraninfo do Rectorado da Universidade de Vigo.

O luns, **día 1 de decembro de 1997**, ás 10.30 horas, celebrouse sesión ordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de trata-los seguintes puntos da orde do día:

- 1º.- Aprobación, se procede, de Actas de sesións anteriores (13.10.97, 16.10.97 e 04.11.97).
- 2º.- Informe do Rector.
- 3º.- Aprobación, se procede, da Memoria económica e conta de liquidación do orzamento de 1996.
- 4º.- Asignación do remanente de tesourería pendente do ano 1996.
- 5º.- Aprobación, se procede, da modificación da RPT laboral.
- 6º.- Delegación, se procede, no Xerente para a elaboración das bases da convocatoria das prazas de persoal laboral dos Grupos IV e V.
- 7º.- Asuntos de Profesorado: a) Prazas BOE; b) Transformacións; c) Permisos.
- 8º.- Aprobación, se procede, da Memoria para a creación do Instituto de Transformación da Madeira.
- 9º.- Convocatoria de axudas para Investigación do ano 1998.
- 10º.- Renovación de membro na Comisión de Docencia.
- 11º.- Aprobación, se procede, de convenios-marco co "Bispado de Tui-Vigo", coa "Asociación Veciñal e Cultural de Valadares" e coa "Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Percanai de Barro-Pontevedra" (baseándose no convenio-marco aprobado na Xunta de Goberno do 22-12-95).
- 12º.- Aprobación, se procede, de convocatoria de axudas para Actividades Académicas "Ramón Mª Aller" e "Alfonso X".
- 13º.- Aprobación, se procede, de convocatoria de cursos complementarios.
- 14º.- Rogos e preguntas.

Preside a sesión o Sr. Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez e actúa coma Secretario o Xeral da Universidade, D. Xosé Luís Legido Soto.

No **punto 1**, no que se refire á acta do 13-10-97, acéptase a modificación do parágrafo proposta por D. Emilio José Pérez González, polo que a acta definitiva queda "*Aínda que algúns membros da Xunta de Goberno recriminan ó Equipo Rectoral por non darse conta antes desta subida, a maior parte está conforme polo acordo acadado entre a Consellería e as tres Universidades Galegas. Proponse aproba-lo acordo acadado na Consellería. Tamén, o alumno D. Emilio José Pérez González propón unha nova proposta adicional á xa mencionada que consiste no seguinte, ademais de aproba-lo acordo coa Consellería, aprobar no mesmo censo o*

texto do manifesto da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación, modificando todo aquilo que fai referencia ó centro para que quede como un posicionamento da Xunta de Goberno. Faise a votación..."

Na acta do 16-10-97, punto 3, acéptase a modificación solicitada por D. Horacio A. Villar Suárez, polo que a redacción definitiva é "... (*Estatutos, artigo 116.1*)). *D. Horacio A. Villar Suárez solicita a retirada deste punto da Orde do día e o Sr. Rector non estima procedente a dita petición. O Sr. Villar Suárez fai unhas consideracións que figuran no anexo (anexo I). Prodúcese..."*.

Tamén nesta acta, punto 2, inclúese o resto da intervención do profesor Outes Ruso "*O profesor... en 3º lugar que aquelas institucións que apoiem a creación dunha ou máis novas facultades de medicina en Galicia, aseguren a súa viabilidade de financiamento, e non sexa repartindo o orzamento xa existente*".

No punto 4, inclúese a intervención do profesor Outes Ruso que "*indica que a materia de Econometría, perfil co que sexa a praza, é moi distinta do resto das materias da área de Economía Aplicada, e polo tanto para xulgala terían que estar catedráticos da área que a dispensaran e de recoñecido prestixio na mesma. Ademais parece bastante lóxica a petición de independencia do tribunal por parte do profesor Fernández-Jardón, pois se o Departamento ten interese en traer un candidato de fóra, que demostre que é mellor en igualdade de condicións*".

Na acta do 04-11-97, inclúese na mesma, antes da votación, unha intervención "*D. José Luis Capelo Martínez pregunta quen elixe primeiro, os profesores asociados a tempo total ou por antigüidade. O Vicerrector de Profesorado, D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal contesta que os profesores asociados a tempo total elixen primeiro e logo os asociados a tempo parcial*".

Apróbanse as actas coas modificacións que se recollen na súa redacción definitiva.

No **punto 2** o Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez informa sobre a celebración da xuntanza ordinaria do Consello Universitario de Galicia, sobre o grupo de traballo establecido entre a Conferencia de Rectores das Universidades Españolas (CRUE) e o Ministerio de Educación na que se trataron temas referentes ós planos de estudio e as figuras de profesorado e sobre a reunión da CRUE que se celebrou recentemente en Salamanca sobre a Universidade do século XXI.

Informa tamén sobre as I Xornadas de Tecnoloxías da Información e Comunicacions nas Universidades españolas celebradas na nosa Universidade coa participación de 130 representantes das Universidades de ámbito nacional.

Por último o Rector explicou ós membros da Xunta de Goberno o Convenio asinado con Telefónica que permitirá á Comunidade universitaria acceder a Internet e correo electrónico dende a súa case, por 500 ptas. ó mes e da posta en marcha do Voluntariado Social e Cultural.

Neste mesmo punto, o Secretario Xeral, D. Xosé Luís Legido Soto informou sobre a aprobación, por parte da Comisión Electoral, do calendario para a renovación dos representantes do Claustro Universitario.

O Calendario aprobado para o proceso electoral é o seguinte:

- Decembro-97:** **5** Convocatoria
 9 Publicación dos Censos provisionais
 10-18 Reclamacións ó Censo
- Xaneiro-98:** **12** Publicación do Censo definitivo e nº de elixibles por Centro
 13-19 Presentación de Candidaturas
 14 Sorteo de Mesas Electorais e letra de comezo das papeletas
 30 Publicación de candidatos provisionais
- Febreiro-98:** **2- 9** Reclamacións ós candidatos provisionais
 13 Publicación de candidatos definitivos
 16-27 Campaña electoral
- Marzo-98:** **3** Votación
 5 Proclamación provisional de membros electos
 6-10 Reclamación á proclamación provisional de membros electos
 12 Proclamación definitiva de membros electos.

Pola súa parte o Vicerrector de Economía, D. José Pose Blanco, informou sobre a prórroga do orzamento do ano 1997 a causa da convocatoria de eleccións, sobre a excelente acollida entre a Comunidade universitaria da primeira fase do Plano de Pensións e sobre a marcha de diferentes obras de infraestrutura que se están levando a cabo nos tres Campus universitarios:

-En Ourense a urbanización do Campus está practicamente rematada. O edificio que albergará as titulacións de Dereito e Empresariais xa foi adxudicado e en canto se asine o contrato coa empresa comezarán as obras que teñen un prazo de execución de 16 meses. Tamén está en marcha o concurso público para a remodelación do antigo conservatorio, así como os planos de seguridade e sinalización do Campus.

-En Pontevedra as obras do edificio de Ciencias Sociais marchan segundo os prazos previstos. Respecto ó edificio de Fisioterapia explica que neste mes de decembro daranse a coñecer as ofertas presentadas polas empresas que optan á súa construción e que tamén neste mes abranse as ofertas das empresas que optan a construción do Pavillón deportivo para a Escola de EXB.

-Polo que respecta a Vigo, informa sobre a saída a concurso do plano de saneamento integral do Campus de Lagoas-Marcosende. Explica tamén como vai o proceso de reforestación e da recuperación do solo que tardará seis meses en rematar. Informa do acordo acadado coa Deputación Provincial de Pontevedra e co Concello de Vigo para a urbanización do tramo de estada comprendido entre as instalacións do Círculo Mercantil e o acceso á Facultade de Ciencias.

Segundo co campus de Vigo, o Vicerrector da conta das obras de mellora do Pavillón polideportivo, da próxima saída a concurso do edificio que albergará o Servizo de Deportes de dun aparcamento na Escola de Enxeñería Industrial, de que están na fase de execución os laboratorios da Escola de Minas e das ampliacións da Escola de Telecomunicación e da Facultade de Ciencias. Tamén anunciou que neste mes adxudicárase o equipamento da Biblioteca Central.

Neste mesmo punto o Vicerrector de Investigación, D. José Tojo Suárez, explica que as conclusións das Xornadas de Tecnoloxías da Información e Comunicacions nas Universidades Españolas estanse a redactar pero adianta que unha destas é a de pedir que a Rede Iris, a través da que as Universidades españolas reciben as conexións de Internet, amplíe o seu financiamento e categoría para permitir que tódolos alumnos teñan acceso a Internet dende a súa Universidade e

non só os investigadores como ata agora.

Por último o Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez informa que a Universidade de Vigo é membro da Asociación Europea de Rectores e da Asociación Internacional de Universidades.

O Xerente, D. Andrés Ramón Trillo García presenta no **punto 3** a Memoria económica e a Conta de liquidación do orzamento do ano 1996, agradecendo o traballo realizado por parte do Persoal de Administración e Servicios da Sección de Contabilidade, en especial a Dona Emilia Martínez González.

Destacou os ingresos que superaron as previsións do orzamento, especialmente pola capacidade da Comunidade universitaria para acadar actividades específicas de docencia e investigación. No estado de gastos destacou a contención experimentada que redunda nunha liberación de fondos adicionais ó financiamento de investimento tanto de carácter material como inmaterial.

Apróbase por asentimento a Memoria económica (anexo I) e a Conta de liquidación (anexo II) do orzamento do ano 1996.

No **punto 4**, o Vicerrector de Economía, D. José Pose Blanco indica que se presenta o remanente de tesourería do ano 1996 que quedou pendente na Xunta de Goberno do 30 de xullo de 1997 os 52.761.304 miles de pesetas repartidas da forma que se indica no anexo.

Apróbase por asentimento a asignación do remanente de tesourería do ano 1996 (anexo III).

Presenta o **punto 5** o Xerente, D. Andrés Ramón Trillo García.

Apróbase por asentimento a modificación da RPT laboral (anexo IV).

O Xerente, D. Andrés Ramón Trillo García presenta o **punto 6** e apróbase por asentimento a Delegación na súa persoa para a elaboración das bases da convocatoria de prazas de persoal laboral dos Grupos IV e V.

No **punto 7**, Asuntos de Profesorado, apróbase a saída a BOE das seguintes prazas:

T12	800	CAT-UN	Vigo	- - -
C03	060	TIT-UN	Vigo	Gil Martín, Emilio
C03	420	TIT-UN	Vigo	Pasantes Ludeña, Juan José
C06	005	TIT-UN	Vigo	Quinteiro Sandomingo, Carmen
T06	295	TIT-UN	Vigo	Alejano Monge, Leandro R.
T12	800	TIT-UN	Vigo	Lorenzo Rodríguez, M ^a Edita
X02	165	TIT-UN	Vigo	Costas Comesaña, Julio
X09	650	TIT-UN	- - -	- - -
X06	225	CAT-EU	Vigo	- - -
X07	230	CAT-EU	Vigo	- - -
X07	230	CAT-EU	Vigo	- - -

Na praza do Departamento X05 "Didácticas Especiais" da área 193 "Didáctica da Expresión plástica" de CAT-EU de transformación, solicitada por D^a Carmen Gloria Sobrino

Sánchez, o Vicerrector de Profesorado, D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal indica que a Comisión de Docencia non emitiu informe sobre a mesma.

Prodúcese un debate no que a profesora Henríquez Salido indica que está en contra deste tipo de prazas de concurso de méritos xa que defende o principio de igualdade para tódolos titulados de Escola Universitaria

Faise unha votación co seguinte resultado:

-a favor da saída da praza:	7 votos
-en contra:	23 votos
-en branco:	5

Rexeitase a saída desta praza.

Nas prazas do Departamento X07 "Economía Financeira e Contabilidade" de CAT-EU solicitadas por D. José Luis Sáez Ocejo e D. José Antonio Martín García, presentan un informe (anexo V), así como as alegación presentadas ó acordo do Consello de Departamento (anexo VI) solicitando o cambio de perfil das prazas e a composición do tribunal o mesmo que recusación do seu presidente; tamén piden que se dea un prazo para que o departamento envíe de novo a proposta.

Prodúcese un debate no que o Vicerrector indica que a Xunta de Goberno pasada aprobou a devolución das prazas ó departamento para que faga unha nova proposta de perfil e tribunal, así como establecer un prazo de resposta pero non pode aprobar a un tribunal e un perfil sen devolver as prazas ó departamento, polo que non procede a dita votación.

Os profesores Sáez Ocejo e Martín García manteñen o seu recurso.

Na praza do Departamento H06 "Traducción, Lingüística e Teoría da Literatura", área 814 "Traducción e Interpretación", de TIT-UN ocupada por D^a Aurea Fernández Rodríguez, a profesora Henríquez Salido indica que hai dúbidas sobre se se poden poñer dúas materias e pide votación sobre a mesma. O resultado da votación foi:

-a favor da praza:	13 votos
-en contra:	2 votos
-brancos:	8

Apróbese a saída da praza H06, A814, TIT-UN, Vigo, ocupada por Fernández Rodríguez, Aurea.

A profesora Henríquez Salido fai consta-lo seu voto particular (anexo VII).

No que se refire a transformacións de prazas, apróbanse as seguintes:

C01	630	Rodríguez López, Luis Alfonso	de PP2 a TIT-UN(I)
C08	755	Mejuto Fernández, Juan Carlos	de AXU-UN1 a TIT-UN(I)
X01	620	Pulido Picouto, María Teresa	de ASO-T3 P3 a ASO-T3 P6
X10	105	Pena Rodríguez, Alberto	de PP1 a TIT-UN(I)
T07	520	Paz Domonte, Enrique	de PP1 a TIT-UN(I)

Apróbese a concesión dun permiso ó profesor D. David José Santos Mejía, dende o

07.01.98 ata o 07.04.98

Tamén se aproba a contratación, coma profesor visitante do Dr. Daniel Buschiazzo, para a A240 "Edafoloxía e Química agrícola" do Dpto. C02 "Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo", coa retribución de TIT-UN, para o período do 15-02-98 ó 15-06-98.

No **punto 8** o Vicerrector de Investigación, D. José Tojo Suárez presenta a Memoria para a creación do Instituto de Transformación da Madeira, pedindo a delegación na Comisión de Investigación da elaboración do informe que enviarán á Xunta de Goberno.

Apróbase a Memoria para a creación do Instituto de Transformación da Madeira (anexo VIII), así como a delegación na Comisión de Investigación da elaboración do dito informe.

O Vicerrector de Investigación, D. José Tojo Suárez, no **punto 9**, presenta a Convocatoria de Axudas para Investigación do ano 1998.

A profesora Becerra Suárez solicita que os criterios de reparto se leven á Xunta de Goberno. Logo dun debate, retirase a dita proposta.

Apróbase por asentimento a Convocatoria de Axudas para Investigación do ano 1998 (anexo IX).

No **punto 10**, o Vicerrector de Profesorado, D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal indica que se ten que renova-la baixa na Comisión de Docencia presentada por D. Eduardo Rubiales Camino.

O Vicerrector propón a D. José M^a Gil Villanueva; apróbase por asentimento.

No **punto 11** o Vicerrector de Relacións Exteriores, D. Xulio Pardellas de Blas presenta os convenios-marco co "Bispado de Tui-Vigo", coa "Asociación Veciñal e Cultural de Valadares" e coa "Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Percanai de Barro-Pontevedra", baseándose no convenio-marco aprobado pola Xunta de Goberno do 22-12-95.

D. Antón Fernández Alvarez da un voto negativo o convenio co Bispado de Tui-Vigo e D^a M^a do Carmo Henriques Salido indica que está en contra das actividades que se fagan en convenios o día das Letras Galegas, xa que non se debería celebra-lo dito día.

Vótanse os tres convenios e o resultado da votación é o seguinte:

-Bispado de Tui-Vigo:

-si:	15 votos
-non:	2 votos
-abstencións:	10

Apróbase a sinatura do convenio co Bispado de Tui-Vigo.

-Asociación Veciñal e Cultural de Valadares:

-si:	24 votos
------	----------

-non: 1 votos
 -abstencións: 4

Apróbase a sinatura do convenio coa Asociación Veciñal e Cultural de Valadares.

-Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Percanai de Barro-Pontevedra:

-si: 25 votos
 -non: 0 votos
 -abstencións: 4

Apróbase a sinatura do convenio coa Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Percanai de Barro-Pontevedra.

O Vicerrector de Relacións Exteriores, D. Xulio Pardellas de Blas presenta no **punto 12** a Convocatoria de Axudas para Actividades Académicas "Ramón M^a Aller e "Alfonso X".

Apróbase por asentimento a Convocatoria de Axudas para Actividades "Ramón M^a Aller e "Alfonso X" (anexo X).

No **punto 13**, o Vicerrector de Relacións Exteriores. D. Xulio Pardellas de Blas, presenta a convocatoria de Cursos Complementarios.

D. Juan Janeiro Vilaboa fai constar que se debería rebaixa-lo custo da matrícula para os alumnos da Universidade de Vigo e que non e limite a 1 crédito as validacións como materias de libre configuración.

D^a M^a do Carmo Henriques Salido fai constar que se controle ó máximo a expedición de diplomas así como os ingresos e a expedición de títulos.

D. Juan Janeiro Vilaboa pide que vote a súa proposta que especifica en 5.000 ptas. o prezo para os alumnos da Universidade de Vigo e sen limitación nos créditos de libre configuración.

Faise a votación co seguinte resultado:

-a favor da proposta do Vicerrectorado: 16 votos
 -a favor da proposta do Sr. Janeiro: 5 votos
 -abstencións: 3

Apróbase a convocatoria de Cursos complementarios (anexo XI).

No **punto 14**, Rogos e preguntas, preséntanse varios.

-D^a M^a DO CARMO HENRÍQUEZ SALIDO.-

1) Manifesta que ten noticias de que o plano de pensións está paralizado; pide que se axilicen tódolos trámites (*o Xerente, D. Andrés Ramón Trillo García di que non está paralizado*).

2) Nos documentos sobre a situación económica hai unha queixa de que no último trimestre de cada ano se acumulan moitas facturas; por que non se entregan tódalas facturas antes do 20 de novembro como se fai en moitos Centros (*o Xerente di que este ano intentou convencer á xente pero quedan facturas atrasadas*).

3) Pide ó Vicerrector de Relacións Exteriores canto pago ó cine Vigo.

4) Recordá á mesa que a Universidade é Docencia e Investigación.

-D. CÁNDIDO PÉREZ BETANZOS.-

1) Relativo á convocatoria do voluntariado: a) °se se é consciente que vai dedicado ó persoal masculino; b) máis que voluntariado, é resolve-lo problema que ten o Ministerio de Xustiza sobre a obxección; e c) se xa se fixeron petición de prazas (*o Vicerrector de Innovación Educativa e Estudiantes, D. José Angel Vázquez Barquero di que hai un erro na redacción e é para todo o mundo; o proceso iníciase coa ONG que o pediu, poñéndose en contacto con Centros e Departamentos para que fixeran as súas propostas*).

2) Pregunta cando se van ocupar e dota-los locais sindicais (*o Vicerrector de Economía, D. José Pose Blanco di que os locais están totalmente acabados e estase instalando a rede de voz e datos; hai tres centrais e teñen que poñerse de acordo para reparti-los locais*).

-D. ALBERTO ALONSO COSTAS.-

1) Pide que se faga un resumo a final de ano sobre os convenios asinados, indicando o beneficio para a Universidade.

2) Que estean presentes as dúas partes que asinan un convenio para face-la presentación á Xunta de Goberno.

-D. MARIANO PÉREZ-MARTÍNEZ Y PÉREZ-AMOR.- Roga ó Secretario Xeral que de acordo co artigo 14.3 do Regulamento de Réxime Interno da Xunta de Goberno faga un resumo dos debates nas actas.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 15.20 h. do día 1 de decembro de 1997 da que eu como Secretario dou fe, co visto e praxe do Rector.

O Rector,

O Secretario Xeral,

José Antonio Rodríguez Vázquez

Xosé Luís Legido Soto